



BANDO

SITUACIÓN ACTUAL COVID-19

DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE DO CONCELLO DE SANTA COMBA

Comunícase a toda a veciñanza do Concello de Santa Comba que segundo datos facilitados polas autoridades sanitarias, neste momento, son 12 os casos positivos por Coronavirus COVID-19 no noso concello.

En virtude do Real decreto 926/2020, de 25 de outubro está declarado o estado de alarma.

Durante o período comprendido entre as 23:00 e as 6:00 horas, Galicia restrinxe a mobilidade; de xeito que as persoas unicamente poderán circular polas vías ou espazos de uso público para a realización das seguintes actividades:

- Adquisición de medicamentos, servizos e establecementos sanitarios.
- Asistencia a centros de atención veterinaria por motivos de urxencia.
- Cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
- Retorno ao lugar de residencia habitual tras realizar algunha das actividades previstas neste apartado.
- Asistencia e cuidado de maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- Por causa de forza maior ou situación de necesidade ou calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.
- Repostaxe en gasoleiras ou estacións de servizo, cando resulte necesario.

O concello de Santa Comba recorda a todos os seus veciños e veciñas que é imprescindible seguir as recomendacións das autoridades sanitarias para previr a transmisión do coronavirus.

Santa Comba, 27 de outubro de 2020

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García